

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2019

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e oito de novembro de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites, de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Non asiste, con escusa, don Juan González Leirós, de UxC.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 28 de novembro de 2019, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201911281902570000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 15 de outubro de 2019, á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2019 e á sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2019

Acceso á videoacta – 00:00:38 horas

O señor presidente pregunta se algún dos membros do Pleno municipal ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 15 de outubro de 2019, á sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2019 e á sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2019.

Non se formulan alegacións, polo que o Pleno municipal aproba os citados borradores por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións:

- dezanove concelleiros na sesión extraordinaria do día 15 de outubro de 2019 (os seis concelleiros de UxC que se relacionan: dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)

- dezaioito concelleiros na sesión ordinaria do día 31 de outubro de 2019 (os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os tres concelleiros do PSdeG-PSOE que se relacionan: dona Lúa Sanguineo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e dona Patricia María Parceró Quiñoy; os tres concelleiros do PP; don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)
- vinte concelleiros na sesión extraordinaria do día 21 de novembro de 2019 (os sete concelleiros de UxC que se relacionan: don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta; os catro concelleiros do PSdeG-PSOE; os tres concelleiros do PP; os dous concelleiros do BNG; os dous concelleiros de AV; e as dúas concelleiras integrantes do GM)

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Toma de coñecemento do informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2019

Acceso á videoacta – 00:01:00 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2019, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que a tesoureira municipal elaborou o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

- Informe de Tesourería do 8 de novembro de 2019, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao segundo trimestre do ano 2019.

Téndose dado coñecemento de tales datos ao Ministerio de Facenda, tal e como establece o artigo 4.4 da Lei, de cara a favorecer a comprensión de tal información e da transparencia, **PROPOÑO:**

Primeiro: Dar coñecemento á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do Informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao segundo trimestre do ano 2019.

Segundo: Informar ao Pleno da Corporación.”

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de novembro de 2019.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do informe de referencia.

2.2. Toma de coñecemento do informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019

Acceso á videoacta – 00:01:18 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 11 de novembro de 2019, que consta do seguinte teor literal:

“Visto que a tesoureira municipal elaborou o seguinte informe de conformidade co disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

- Informe de Tesourería do 8 de novembro de 2019, sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade, correspondente ao terceiro trimestre do ano 2019.

Téndose dado coñecemento de tales datos ao Ministerio de Facenda, tal e como establece o artigo 4.4 da Lei, de cara a favorecer a comprensión de tal información e da transparencia, **PROPOÑO**:

Primeiro: Dar coñecemento á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico do Informe de Tesourería sobre cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, do 5 de xullo, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade correspondentes ao terceiro trimestre do ano 2019.

Segundo: Informar ao Pleno da Corporación.”

Vista a toma de coñecemento polos concelleiros asistentes á Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de novembro de 2019.

Os vinte concelleiros asistentes á sesión do Pleno municipal toman coñecemento do informe de referencia.

2.3. Proposta de aprobación de expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos. Expediente número 13/2019

Acceso á videoacta – 00:01:34 horas

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de novembro de 2019, que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 10.741,97 euros.

Visto que as facturas que se pretenden aprobar non se aprobaron, con cargo aos créditos do exercicio correspondente, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración.

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicariáanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de credito núm. 13/2019 de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2019 por importe de 10.741,97 euros, correspondente ás facturas, que se relacionan a continuación:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2019/729	14/02/2019	A28016814	AL AIR LIQUIDE ESPAÑA S.A.	748,83
F/2019/838	26/02/2019	G28029643	SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES	8176,58
F/2019/2208	14/06/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	86,44
F/2019/2209	14/06/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	142,88
F/2019/2665	16/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	106,71
F/2019/2703	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	103,07
F/2019/2704	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	200,45
F/2019/2707	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	156,89
F/2019/2709	17/07/2019	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	170,09
F/2019/2990	27/08/2019	B15031958	PROEL ASCENSORES, S.L.	816,75
F/2019/3216	19/09/2019	B15031958	PROEL ASCENSORES, S.L.	33,28
TOTAL				10.741,97 euros

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, así como aprobar a ordenación e realización do seu pagamento.

Terceiro.- Déase traslado aos departamentos afectados para que se tramiten os procedementos que sexan precisos para solventar o reparo emitido pola intervención co fin de que estes non se repitan.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Recursos Humanos e Desenvolvemento Socioeconómico de data 21 de novembro de 2019.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno municipal, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta) e os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei). Abstéñense os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por once votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

2.4 Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta – 00:15:00 horas

Non se tratou este punto da orde do día.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta – 00:15:03 horas

- Declaración institucional polo “25 de novembro de 2019 – Día Internacional da eliminación da violencia contra a muller”

A secretaria xeral do Concello de Cambre dá lectura á declaración que consta do seguinte teor literal:

«*A violencia de xénero non é un problema que afecte ao ámbito privado. Pola contra, maniféstase como o símbolo máis brutal da desigualdade existente na nosa sociedade. Trátase dunha violencia que se dirixe ás mulleres polo feito mesmo de selo, por ser consideradas, polos seus agresores, carentes dos dereitos mínimos de liberdade, respecto e capacidade de decisión ...*».

Exposición de motivos da LO 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

O Concello de Cambre, xunto a outros cento vinte concellos, milleiros de establecementos, empresas e colectivos que están a tinguir Galicia dentro da campaña conxunta “En negro contra as violencias”, unímonos a esta acción social contra as violencias machistas para manifestar a máis absoluta repulsa ante todo tipo de violencias contra as mulleres, e de xeito máis enérxico, a súa consecuencia máis extrema, os asasinatos.

Este ano –segundo datos oficiais– foron asasinadas 51 mulleres en España, sen contar as mortes “colaterais” asasiñadas por estar ao lado da vítima, por ser irmá, filla ou nai. No caso de Galicia o contador suma xa cinco. Cinco mulleres foron asasinadas a mans de homes dos que se pretendían alonxar: María José, Sandra, Alba y María Elena en Valga e Mari Carmen en Vilalba. A rabia e o desconsolo fainos seguir avanzando nesta andaina, e empúrranos a vestirmos de negro como símbolo de loito, pero tamén de loita.

Sabemos que a morte é a última e máis extrema das violencias machistas, pero que son moitas máis e de moi diferentes formas as violencias que rodean e perseguen ás mulleres. Nos últimos meses atopámonos coa dobre agresión que sofren as mulleres vítimas de violacións en grupo e de sentenzas que subestiman a situación de indefensión ante os agresores. Para afrontar todas estas violencias é preciso recoñecer as graves fendas de xénero existentes no ámbito social, económico, cultural, cómpre atallar as causas estruturais e sociais que sustentan estas desigualdades a través de políticas reais para a promoción da igualdade e a prevención das violencias, contemplar recursos humanos e económicos para o seu correcto desenvolvemento, no ámbito da educación, da xustiza, dos coidados ... por iso, este ano, queremos precisamente incidir na prevención, facendo o chamamento de **CONTRA AS VIOLENCIAS, EDUCACIÓN!**

Tamén queremos denunciar a complicidade de quen acubilla e silencia estas violencias, porque os cómplices son tamén culpables!

Desde o Concello de Cambre queremos reiterar este 25 de novembro, o noso compromiso na loita pola erradicación das violencias contra as mulleres e combatelas con todos os recursos ao noso alcance, e incluír a todas e a todos nesta loita, axentes sociais, institucións, cidadanía, medios de comunicación... recoñecendo a importancia do papel das entidades locais en tanto poderes públicos próximos ás realidades que viven as mulleres, os nenos e as nenas. Reafirmamos o noso compromiso para seguir impulsando políticas que garantan os dereitos das mulleres e dos menores co obxectivo de conseguir unha sociedade libre de medo e para isto:

Primeiro: Sumámonos a todas as voces que reclaman o fin da violencia de xénero, obstáculo insalvable no camiño cara a unha sociedade na que homes e mulleres vivan en liberdade e igualdade real.

Segundo: Comprometémonos na aplicación das medidas recollidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, por ser o resultado do máximo consenso político e técnico, itinerario inherente á construción dunha sociedade madura e autónoma.

Terceiro: Lembramos que o asasinato é a última manifestación atroz da violencia de xénero pero que comeza moito antes, agochándose detrás de feitos sociais aceptados e fundamentados en crenzas e comportamentos con base estrutural e cultural e apoiados, ultimamente, por parte de sectores políticos baseándose en datos falsos coa conseguinte xeración de odio contra o que os demócratas temos que loitar con firmeza.

Cuarto: Continuamos coa convicción firme de que parte da solución pasa pola educación, polo que dende o Concello de Cambre seguiranse financiando programas de coeducación nos centros de ensino.

Quinto: Comprometémonos a implementar todas as medidas de coordinación interadministrativa para protexer, defender e liberar ás mulleres e menores vítimas da violencia de xénero.

Sexto: Comprometémonos a crear un servizo especializado en muller durante esta lexislatura, que englobe un itinerario de atención completo centrado nas persoas.»

Sometida a declaración institucional a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os sete concelleiros presentes de UxC (don Óscar A. García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei), os tres concelleiros do PP (don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), os dous concelleiros de AV (don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites) e as dúas concelleiras integrantes do Grupo Mixto (dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's).

O Pleno municipal, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración institucional tal e como foi transcrita.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Acceso á videoacta – 00:20:19 horas

Faise constar que con data 22 de novembro de 2019, o grupo municipal do PP registrou de entrada ao núm. 999/1946 as seguintes mocións:

- Moción para reclamar ao Goberno local de Cambre a publicación no Portal de Transparencia do Concello de Cambre a axenda institucional do alcalde e concelleiros de goberno
- Moción para instar a publicación no Portal de Transparencia do Concello de Cambre do currículo académico e profesional do alcalde, concelleiros e persoal de confianza

O señor alcalde concede a palabra á secretaria xeral co fin de que explique o tratamento das mocións segundo o disposto no Regulamento orgánico municipal.

Trala súa intervención e a de varios dos concelleiros e concelleiras asistentes á sesión, o Sr. alcalde conclúe que ambas mocións se incluírán para o seu ditame na orde do día das comisións informativas do mes de decembro e, así mesmo, tratarase o tema das mocións nunha xunta de voceiros para aclarar o procedemento a seguir para o seu tratamento.

Faise constar que cando son as vinte horas e corenta e dous minutos auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta – 00:42:04 horas

De orde do Sr. presidente, a secretaria xeral dá conta dos seguintes asuntos:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/7476, o día 14 de novembro de 2019, procedente da Asociación Mariñas-Betanzos (GDR-23), Reserva de biosfera “Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo”, en resposta á moción remitida polo Concello de Cambre, aprobada na sesión ordinaria do Pleno municipal do día 29 de xullo de 2019, supletoria da correspondente ao día 26 de xullo de 2019, para a declaración da estrutura fluvial, en Cambre, como infraestrutura verde de Cambre e a súa incorporación ao Proxecto de Infraestrutura Verde de Galicia.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/1901, o día 18 de novembro de 2019, presentado polo grupo municipal de AV, no que se designa representante titular no grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións a dona Sandra Sánchez Vieites, e suplente a don Raúl Varela Fraguío.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 3/2305, o día 19 de novembro de 2019, presentado polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, no que se designa representante titular no grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións a dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, e suplente a don Diego Alcantarilla Rei. Igualmente désígnase suplente do concelleiro de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade a dona Patricia María Parcero Quiñoy.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 999/1923, o día 20 de novembro de 2019, presentado polo grupo municipal do PP, no que se designa representante titular no grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións a dona Marta María Vázquez Golpe, e suplente a don Juan María Abalo Castex.

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/7609, o día 21 de novembro de 2019, presentado polo grupo municipal de UxC, no que se designa representante titular no Grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións a don Daniel Mallo Castro, e suplente a dona Mónica Varela Germade.

- Do escrito da concelleira de C's, entregado por dona María José García Hidalgo á secretaria xeral o día 28 de novembro de 2019, antes do comezo do pleno, no que se designa representante titular no Grupo de seguimento do Plan estratéxico de subvencións polo Grupo Mixto a dona María José García Hidalgo.

- Da Resolución da Alcaldía núm. 2367/2019, do 26 de novembro, cuxa parte dispositiva consta do seguinte teor literal:

“**Primeiro:** Durante a ausencia de don Ramón Boga Moscoso, desde o día 29 de novembro ao 1 de decembro de 2019, ambos os dous incluídos, o estudo, impulso, dirección e inspección das políticas sobre as que ostenta delegación especial serán exercidas por esta Alcaldía, quen ostenta a delegación xenérica da Área de Presidencia, na cal se atopan incluídos os proxectos, medidas e servizos desenvolvidos na citada delegación especial, isto tendo en conta o disposto na Resolución da Alcaldía núm. 1323/2019, do 1 de xullo.

Transcorrido o citado prazo de ausencia, don Ramón Boga Moscoso continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía.

Segundo: Publicar a resolución no *Boletín Oficial da Provincia* e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

4.2. Rogos

Acceso á videoacta – 00:45:08 horas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1958 o día 25 de novembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - **Acceso á videoacta – 00:45:10 horas**

Lee o rogo dona María Jesús González Roel.

Varias foron as ocasións nas que este grupo municipal se ten interesado en sesión plenaria ou en comisións informativas, polo estado no que se atopan as distintas luminarias existentes ao longo e ancho do noso concello. Interese que, á vista do lamentable estado que estas presentan, corroborado polas fotografías que se achegan en cada caso, foron asumidas polo concelleiro competente, recollendo o rogo e comprometéndose á súa reparación á maior brevidade posible.

Pero o certo e verdade é que, en moitos dos casos, tal compromiso segue, meses despois, sen cumprirse. Como ocorre cos farois existentes fronte ao centro de saúde e a gardería do Temple, cuxos problemas seguen subsistindo a día de hoxe, tal e como se aprecia na fotografía que se achega.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese que se cumpran os compromisos adquiridos polo concelleiro competente e se repare, á maior brevidade posible, o defecto advertido en zona tan transitada.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

2º rogo - **Acceso á videoacta – 00:47:41 horas**

Lee o rogo dona Marta María Vázquez Golpe.

Ante o importante papel de difusión de noticias de interese para os veciños que xogaban os paneis informativos situados no noso municipio (como o horario dos servizos públicos máis importantes, as convocatorias de plenos, actos, conmemoracións, festividades, estado do tráfico, campañas en vigor, subvencións, entre outras informacións propias de servizo público), o Grupo Municipal Popular interesouse nos plenos do mes de xuño de 2018, e xaneiro e abril de 2019, sobre os motivos e a falta de funcionamento dos paneis informativos do noso municipio, advertindo ademais da degradación do mal estado de mantemento deles, tal e como se demostraba a través das fotografías que se achegaban.

Fronte aos nosos sucesivos requirimentos, o equipo de goberno pasou de recoller o rogo, a dicirnos que estaba en contratación unha nova concesión, a falarnos do desmantelamento de dous deles e o requirimento a facelo dun terceiro.

Transcorrido máis de medio ano dende esta última contestación, o certo e verdade é que o panel existente na costa da Tapia no Temple segue amosando o degradado estado que demostra a fotografía que se achega e segue sen prestar o servizo que lle é propio. De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se require ao concelleiro competente para que á maior brevidade posible se reactive o servizo que lle é propio ao dito panel informativo ou se retire, se iso non fora posible.

Dona María Dolores Pan Lesta, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:49:30 horas

O señor alcalde manifesta que segundo o artigo 115 do Regulamento orgánico municipal non considera que se trate dun rogo, polo que non dá permiso para a súa lectura e dá paso ao seguinte grupo.

Rogo de AV presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/1955 o día 25 de novembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

Único - Acceso á videoacta – 00:50:36 horas

Lee o rogo don Raúl Varela Fraguío.

Por todos son coñecidos determinados puntos negros para a seguridade viaria da veciñanza do concello. Un exemplo témolo a escasos metros de aquí, na contorna da praza Enrique Piñeiro ou da futura Casa da Cultura. Ante a inqueda da veciñanza, que ve de xeito habitual como os coches pasan a velocidades inadecuadas sumado a que a iluminación e a sinalización actuais tampouco son de grande axuda, non é estraño escoitar día si e día tamén freadas, que non é a primeira vez que rematan en incidentes.

Polo que rogamos se tomen as medidas oportunas para mellorar a seguridade dos pasos de peóns, reclamando actuacións ás administracións competentes en cada estrada ou actuando no caso das de competencia municipal.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/1956 o día 25 de novembro de 2019, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta – 00:52:07 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

Unha vez máis, a petición dos usuarios da pista de skateboard traemos a pleno o lamentable e deteriorado estado nas instalacións desta infraestrutura deportiva, como é o estado das ramplas de formigón e o pechamento metálico do seu perímetro.

Pregamos novamente que este Goberno tome nota da nosa petición e teña en conta todos os deportes por igual, sen facer discriminación a deportes minoritarios, como é o caso do skate, e se proceda, dunha vez por todas, a acondicionala e reparala para o goce da mocidade.

Don Daniel Mallo Castro, concelleiro delegado da Área de Cultura, Deportes e Xuventude, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta – 00:53:29 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

No espazo público fronte a unha área comercial na Barcala, unha árbore amosa un evidente estado de caída, poñendo en perigo a integridade física das persoas que a diario frecuentan o lugar.

Pregamos que os técnicos municipais acudan a valorar o seu estado, ante o risco inminente de caída, actuando en consecuencia.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, dá conta do informe e valoración do estado da árbore xa realizados.

3º rogo - Acceso á videoacta – 00:55:11 horas

Lee o rogo dona María Olga Santos López.

A conservación dos ríos, contorna e marxes fluviais constitúen unha acción de especial transcendencia nun territorio que, como en Cambre, percorre un dos nosos ríos, o río Mero.

Parte do Mero discorre por tramos urbanos e ten como principais características a de constituír un biótoto característico, un recurso natural de primeira magnitude, tanto polo seu valor ecolóxico de fauna e flora, así como por ser un valor en alza cun atractivo de espaxamento e de lecer para o noso concello.

O dominio público hidráulico vén constituído non só pola auga, superficial ou subterránea, tamén o integran unha serie de elementos relacionados con ela. Todos estes elementos (canles das correntes naturais, leitos, ribeira, marxes, ...) veñen definidos pola normativa vixente.

A necesidade de conservación e protección destes elementos e dos ecosistemas fluviais fai necesario ter coñecemento das actividades que se realicen nas canles de auga e na súa contorna.

A zona de protección de leitos comprende dúas franxas de terreo, nas marxes dos ríos, e unha das ditas franxas é a zona de policía de 100 metros de ancho, medidos horizontalmente, na que se condicionará o uso do chan e as actividades que se leven a cabo, xa sexan de carácter definitivo ou temporal.

Dende hai un tempo pódese observar que á beira do río Mero, no seu paso preto da urbanización da Barcala, está sendo aproveitada unha área para amontoar entullo de obra, sendo estes desfeitos parte das obras que se están a levar a cabo na citada urbanización.

En diversos plenos explicóusenos que a dita zona será aproveitada como depósito temporal dos entullos, aínda que a situación vaise prolongando no tempo, posiblemente bastante máis do proxectado inicialmente, prolongando así o uso da dita zona, causándolle unha constante deterioración co uso da maquinaria pesada.

O chan, lembremos que é un recurso catalogado por ambientólogos, ecólogos e xeólogos como non renovable a día de hoxe, pola enorme cantidade de tempo que se precisa para a súa recuperación, está sufrindo unha deterioración e con ela a biocenose ou especies que poida albergar ou depender del, xa que por minúsculas que parezan, cada unha ten un papel no seu nicho ecolóxico e diversos nichos interactúan no ecosistema que forma o río e as súas beiras, neste caso a chamada zona de policía.

Neste sentido, por unha cuestión puramente de preocupación e coidado ambiental, xorden varias preocupacións.

Unha delas é a posibilidade de que o dito vertedoiro faga un efecto chamada e poida haber quen se achegue a tirar os seus entullos, coa conseguinte afectación que isto poida ter entre os distintos ecosistemas. Máis aínda cando no noso municipio xa temos dado conta con anterioridade de puntos que se estaban aproveitando para

depositar restos de obra de xeito ilegal ou en espazos que non están destinados para tal fin, e este tipo de actividades deberían ser un exemplo a seguir de boas prácticas.

Poderíase considerar que sería favorable manter unha información con algún tipo de sinalización ou cartel advertindo de que se trata dunha “zona temporal de recollida de entullos da obra determinada”, máis aínda cando está situado nunha zona de elevado tránsito de xente nova, rapaces que lles queda de camiño aos seus centros de ensino e que poderían velo como unha forma de coidado do medio ambiente, non obstante teñen como exemplo un vertedoiro sen balizar nin sinalar, un “todo vale” no que incluso poden ver tirados e a mercé dos ventos o que xa se pode considerar un dos máis importantes inimigos medioambientais: plásticos, que presumiblemente proveñen das obras e que o vento trasladaría ao río e do río aos nosos océanos.

Ademais, calquera ten acceso á dita zona sen estar debidamente informado dos perigos aos que se poida expoñer (como calquera zona de obras) e onde se pode acceder directamente dende a beirarrúa sen ningún impedimento, podendo, por exemplo, asomarse á montaña de restos e caer, xa que parece que a ninguén lle importou poñer alomenos unha limitación entre a zona de entullos e a beirarrúa, ademais duns carteis de advertencia de riscos e información de uso da zona. Do mesmo xeito que están balizadas as obras da urbanización, este punto debería de contar cos mesmos requisitos de seguridade dos que dispón o resto da obra, xa que é parte dela. Sería necesario volver a lembrar neste punto o tránsito de rapaces que ten a zona. Lembremos, ademais, que esa mesma beirarrúa, na que non está delimitado o acceso ao vertedoiro nin existe balizamento nin sinalización, constitúe unha das rutas do proxecto ANCAS (rutas escolares seguras) co cal é de supoñer unha coexistencia entre os escolares e o punto en cuestión.

Existen varios ecosistemas que cohabitan nesa área determinada como “área de policía” e no propio leito, especies que teñen comprendida a súa hábitat entre o río e a dita marxe, así como macroinvertebrados que habitan o chan e son claros indicadores da saúde dos ríos.

Neste sentido pódese apreciar como o chan entre os entullos e o río, cada vez esta sendo máis deteriorado polo uso da maquinaria pesada, e tampouco temos coñecemento de que se levara a cabo ningunha acción en prol de restaurar a zona cara ao seu estado orixinal, lembrando que o artigo 45 da Constitución recolle a preocupación e defensa polo medio ambiente nun dos seguintes termos “os poderes públicos velarán pola utilización racional dos recursos naturais, co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e restaurar o medio ambiente”. Neste punto a pregunta é necesaria: Teñen formulada algunha actuación de restauración da citada zona, ou deixarase de calquera xeito agardando que o tape a maleza?

No relativo á lexislación debemos lembrar:

1º.- O Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo cal se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico dicta no seu artigo 9:

“1. Na zona de policía de 100 metros de anchura medidos horizontalmente a partir do leito quedan sometidos ao disposto neste regulamento as seguintes actividades e usos do chan:

- a) As alteracións substanciais do releve natural do terreo.
- b) As extraccións de áridos.
- c) As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.
- d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas ou que poida ser causa de degradación ou deterioración do estado da masa de auga, do ecosistema acuático e, en xeral, do dominio público hidráulico.”

E no mesmo artigo no apartado 4:

“4. A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de leitos precisará autorización administrativa previa do organismo de conca, sen prexuízo dos supostos especiais regulados neste regulamento. A dita autorización será independente de calquera outra que teña que ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.”

E segundo a dita a normativa de Augas de Galicia en relación co dominio público hidráulico:

“De acordo co disposto no artigo 4 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, correspóndelle a Augas de Galicia o outorgamento das autorizacións dentro da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

A autorización outorgada por Augas de Galicia é independente de todas aquelas que, en virtude de disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións.”

Para conseguir esta finalidade, calquera persoa, física ou xurídica, que pretenda realizar no dominio público hidráulico, ou na súa zona de protección, obras ou actuacións, precisará da oportuna autorización ou concesión administrativa.

Á vista da presente exposición de feitos e normativas, dende EU pregamos:

Que o Concello de Cambre solicite (se aínda non o fixo) autorización ao organismo de conca para poder amear entullos ao carón do Mero, recupere o estado da zona ao seu aspecto orixinal e sinalice e balice a zona como un espazo temporal de recollida de entullo das obras.

O señor alcalde informa que contestará por escrito o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, don Juan González Leirós.

Dona María Olga Santos López modifica o rogo presentado e solicita:

Que se inicie expediente para que os técnicos do concello responsables de obras e medio ambiente elaboren un informe urgente no que se recolla:

- Procedencia ou non, obligatoriedade ou non, da solicitude de autorización ao organismo de conca para poder amear entullos.
- Obligatoriedade ou non, de recuperación do estado da zona.
- Sinalización e balizamento actual, se é apropiado, ou non, de acordo coa información achegada no rogo.

O señor alcalde acepta solicitar informe aos técnicos.

Rogo de C's presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 999/1948 o día 25 de novembro de 2019.

Único - Acceso á videoacta – 01:07:42 horas

Lee o rogo dona María José García Hidalgo.

Os episodios de turbidez na auga seguen sendo continuamente preocupantes para os veciños de Cambre que non entenden por que o Goberno local de UxC e PSOE seguen sen achegar solucións, ou que polo menos se tomen medidas que axuden a minimizar esta situación de indefensión á que se ven sometidos. Por todo iso rogamos:

- Se emita un informe por parte dun técnico municipal das posibles causas desta situación e que ou quen debe asumir as responsabilidades.

2. Se realice un informe por parte da empresa que actualmente presta o servizo de subministración de auga en Cambre, no que fagan constar cales estima a empresa que son os continuos problemas ou motivos a que se debe a turbidez na auga e cales poderían ser as posibles solucións, prestando especial atención á canalización que vai dende Cecebre a Cambre.
3. Estudar todas e cada unha das reclamacións rexistradas, para que na medida do posible se poidan adoptar todas as medidas de apoio e axuda posibles aos afectados dentro das competencias municipais.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, acepta o rogo.

4.3. Preguntas

Acceso á videoacta – 01:16:52 horas

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1958 o día 25 de novembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:16:53 horas

Lee a pregunta dona Marta María Vázquez Golpe.

Nos últimos días tivemos coñecemento de que a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dirixiu unha carta ao alcalde de Cambre respecto do proxecto promovido pola Xunta de Galicia para a mellora da mobilidade peonil e de seguridade viaria na estrada AC-214, na Xira, na que se propuxo a formalización dun convenio que permitira axilizar os prazos de execución.

Todo iso como consecuencia do incumprimento do compromiso do Concello de Cambre de poñer a disposición da Xunta de Galicia todos os terreos necesarios para a execución do dito proxecto, o que provocará a necesidade de acudir a un procedemento expropiatorio, que necesariamente dilatará os prazos de execución.

Á vista das sucesivas notas de prensa e declaracións dos nosos máximos responsables aparecidas nos últimos anos sobre esta cuestión (tamén nos últimos días), desde o Grupo Municipal Popular pregúntase ao alcalde de Cambre se existía ou non existía o compromiso por parte do noso concello de poñer a disposición da Xunta a totalidade dos terreos para a execución das obras de mellora da mobilidade peonil e de seguridade viaria na estrada autonómica AC-214 na Xira, así como se variou ou non se variou o dito proxecto respecto do inicialmente proposto.

O señor alcalde contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:25:30 horas

Lee a pregunta dona Marta Jesús González Roel.

En pouco máis dun ano terá lugar a apertura dun novo Ano Santo Compostelán, o de 2021, para o que dende o punto de vista das distintas administracións públicas, ademais da Xunta de Galicia, xa se están preparando os diferentes municipios polos que discorre o camiño nas súas diferentes versións.

Cambre, situada en pleno Camiño Inglés a Santiago, non pode deixar de aproveitar esta importante ocasión, chea de oportunidades e retos. Sendo indubidable a transcendencia económica, cultural, turística e de

desenvolvemento que vai supoñer esta inminente cita, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno cales son as medidas que se tomaron e as que se teñen previsto tomar no futuro máis inmediato, á vista desta importante celebración.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:30:03 horas

Don Juan María Abalo Castex manifesta que en virtude do disposto no artigo 115.1 último parágrafo do Regulamento orgánico municipal substitúe a pregunta presentada por escrito, pola seguinte pregunta oral:

No pleno do pasado mes de outubro, o Grupo Municipal Popular presentou unha moción para o seu debate e votación no pleno do noso concello, na que se instaba á publicación no Portal de Transparencia do noso concello da axenda institucional do alcalde e dos concelleiros de goberno.

Moción que, pese a ser presentada dentro do prazo previsto para iso, non foi incluída na orde do día e foi tramitada como moción urxente. Requirida polo alcalde de Cambre a xustificación da urxencia, o voceiro Popular expuxo as razóns polas que entendeu necesario pasar ao debate e votación da dita moción. Exposición que, xunto coa contestación posterior do señor alcalde interesamos expresamente sexan reproducidas nesta sesión plenaria, mediante a imaxe e o son correspondente á videoacta do pleno ordinario do pasado mes de outubro.

Á vista da literalidade do manifestado polo voceiro Popular na súa exposición e a incorrecta interpretación que dela fixo o señor alcalde de Cambre, quen reiterou en sucesivas ocasións as palabras mentira ou mentireiro, ata en máis de sete ocasións, para referirse á dita exposición, de cara a dilucidar a existencia de erro ou mala fe na actitude do alcalde, e reparar o agravio público causado ao voceiro, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao señor alcalde de Cambre se ten intención de pedir desculpas, recoñecendo o seu erro e reparando o agravio causado, pedindo as ditas desculpas en sesión plenaria.

O señor alcalde manifesta que non contestará esta pregunta, porque a moción que presentaron levarase a comisión, como xa quedaron.

Preguntas de AV presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1955 o día 25 de novembro de 2019, xunto co rogo presentado para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:34:23 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

Tras ter preguntado no pleno do día 5 de setembro de 2019 polas medidas que ía tomar este novo equipo de goberno en relación coa Patiña, e despois das últimas noticias publicadas na prensa, falando de subidas dos alugueiros, preguntamos:

Que medidas se están tomando a día de hoxe, sobre todo nos casos das persoas beneficiarias dos Servizos Sociais que presentan un maior risco social?

Dona Lúa Sanguñedo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:36:29 horas

Lee a pregunta dona Sandra Sánchez Vieites.

A que se debe o atraso da apertura da Casa da Cultura e a Casa da Xuventude?

Dona Mónica Varela Germade, concelleira delegada do servizo de Cultura, contesta a pregunta.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1956 o día 25 de novembro de 2019, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:36:56 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Despois de que García Patiño afirmara neste salón de plenos, con toda a rotundidade, que polo mero feito de ter recibido unha carta do Banco Santander a protección das veciñas e veciños da Patiña quedaba cuberta por ser de “protección oficial” ata 2027, en moitas ocasións intentamos facerlle ver que ante unha situación como a que se comezou a albiscar hai algo máis dun ano, unha simple carta non podía supoñer o salvoconduto para a protección do dereito á vivenda das familias na Patiña.

A día de hoxe, temos no noso poder a proba de que esa contundencia de Patiño aseverando que a protección das vivendas da Patiña chegaría ata 2027, non era máis que unha pantalla de fume para non asumir as súas responsabilidades e mirar para outro lado, en situacións realmente dramáticas.

Existen persoas en situación vulnerable que están recibindo subas de aluguer dun 50% ata chegar a cantidades que non poden asumir. A renovación do contrato está ligada necesariamente a esa suba, de xeito que se produce o que levamos meses advertindo ao alcalde: Os voitres acosan ás persoas e expúlsanas das súas casas, e o Goberno da Xunta e de Cambre enceréllanse en guerras de papeis que deixan ás veciñas e veciños desamparados e sen representación.

Calquera autoridade cun mínimo de responsabilidade e sensibilidade tería enfrontado esta situación con medidas concretas para evitar esta situación e para solucionarla, así como de cara a ter solucións habitacionais inmediatas para calquera familia que se atopara nesta situación.

Cales son as actuacións que está levando a cabo o concello respecto do grave problema que existe en relación coa protección do dereito á vivenda de familias na Patiña en relación coa previsión do problema, solución deste e a contar con alternativas habitacionais para persoas en situación de vulnerabilidade atacadas por subas abusivas dos fondos vóitre?

Dona Lúa Sanguinredo Álvarez, concelleira delegada da Área de Benestar Social, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:42:02 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Ante o obxectivo claro da necesidade de apertura do pavillón de Anceis, dende EU levamos meses preguntando polas verdadeiras causas que levan a que non se abra para goce dos veciños, estando recepcionado polo concello.

En setembro o concelleiro de Urbanismo non contestou á nosa pregunta, o alcalde retirou a palabra a EU para encubrir a ausencia de resposta do concelleiro de Urbanismo, e o alcalde indicanos que se temos preguntas que as fagamos por escrito. Presentamos cinco escritos relacionados co asunto aos que se nos contesta tarde, mal e con formalismos, falamos coa Xunta de Galicia, pedimos o expediente e entrevistámonos en varias ocasións co xefe da Área de Urbanismo, sen que nin o alcalde nin o concelleiro de Urbanismo se dignaran a darnos nin a máis mínima explicación dunha situación que depende directamente da súa xestión.

Á día de hoxe, somos coñecedores de que existen medidas adoptadas na Área de Urbanismo como consecuencia da pésima xestión tanto do alcalde como do concelleiro de Urbanismo.

Sendo coñecedores da ausencia por vacacións do concelleiro de Urbanismo, e tendo en conta que as respostas ás preguntas que presentamos deben axustarse á realidade administrativa no momento de facelas e, agardando, polo tanto, que non leven a cabo a táctica frecuente do seu Goberno de dilatar as decisións ou as respostas cando non están os concelleiros ou se ausenta o alcalde.

Preguntamos ao concelleiro de Urbanismo e no seu defecto ao máximo representante do Concello de Cambre, o alcalde:

A deficiente xestión do concelleiro de Urbanismo e mesmo do alcalde no asunto relacionado coa imposible apertura do pavillón de Anceis, pode chegar a provocar algunha consecuencia ou problema á Asociación cultural e de ocio de Anceis, tal e como nos dixo de palabra o xefe da Área de Urbanismo?

O señor alcalde manifesta que contestará por escrito o concelleiro da Área de Urbanismo.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:46:11 horas

Lee a pregunta dona María Olga Santos López.

Poden informarnos do motivo da carencia de iluminación na ponte vella da ría e para cando a súa reposición?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

Preguntas de C's presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/1957 o día 25 de novembro de 2019.

1ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:46:51 horas

Dona María José García Hidalgo manifesta que en virtude do disposto no artigo 115.1 último parágrafo do Regulamento orgánico municipal substitúe a pregunta presentada por escrito, pola seguinte pregunta oral:

Recapacitará o señor alcalde e pedirá desculpas por utilizar a violencia de xénero para o seu beneficio político?

O señor alcalde contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:48:27 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Ten solicitado o Goberno de Cambre aos veciños que padecen grandes problemas de sucidade na auga, que recollan mostras e as poñan a disposición do concello para que este poida encargar diferentes analíticas sobre os contidos presentes nesas mostras?

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos e Seguridade Cidadá, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta – 01:49:22 horas

Lee a pregunta dona María José García Hidalgo.

Durante a última reunión convocada polo Goberno local en relación ao PXOM informouse por parte da empresa redactora que “en Brexo perdeuse unha oportunidade histórica”, xa que onde está a capela, pegada á estrada, estase producindo unha parcelación dun enorme terreo para construír edificacións. Que se Cambre tivese un planeamento urbanístico que tivera determinado que esa peza tan grande fose, por exemplo, un polígono, tería podido xurdir probablemente unha estrutura urbana máis rica que a que pode xurdir a través dun proceso de parcelación. Por outra parte, tamén teríamos tido unha serie de dotacións urbanísticas que actualmente esa vintena de vivendas aproximadas que van xurdir aí non van ter, non van ir acompañadas de ningún tipo de dotación dende o punto de vista de zonas verdes e equipamentos que deberían xurdir, facendo que a actuación establecece unha centralidade. Por todo iso preguntamos:

Comparte o equipo de goberno estas afirmacións?

O alcalde contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta minutos, do que eu, secretaria xeral, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia